



## Decreto

**Data decreto:** ver marxe

**Descrición decreto:** aprobación da listaxe definitiva de admitidos-excluídos, nomeamento tribunal e data probas: operarios servizos múltiples, subvención Apról-Rural, Xunta de Galicia Exp: TR351G2022/000047-1, Exp. Gestiona: 1113/2022.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUISO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confiren o art. 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dita a seguinte resolución:

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 19/05/2022, se aprobou a convocatoria e as bases de selección de operarios de servizos múltiples, Subvención programa de fomento do emprego no medio rural (Apról Rural) (Xunta de Galicia), exp: TR351G 2022/47-1, establecendo un prazo de (5) cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao do chamamento telefónico por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego, e que xa transcorreu o prazo para a presentación de solicitudes.

Visto que mediante decreto da Alcaldía núm. 581/2022 de data 06/06/2022, se aprobou a listaxe provisional de admitidos e excluídos da selección de persoal laboral temporal: operarios servizos múltiples (Apról Rural), e que xa transcorreu o prazo de dous días hábiles, para a presentación das reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que han de rexer a convocatoria, procede aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para operarios servizos múltiples (Apról Rural), subvención Apról-Rural, Xunta de Galicia Exp: TR351G2022/000047-1, Exp. Gestiona: 1113/2022, que é a seguinte:

a) Admitidos:

| APELIDOS E NOME              | EXENTO PROBA GALEGO |
|------------------------------|---------------------|
| BLANCO SILVA MÓNICA          | SI                  |
| CARREIRA SANTABAYA MARCELINO | NON                 |
| GONZÁLEZ LESTÓN SUSANA       | SI                  |
| MUIÑOS SOÑORA RAMÓN          | SI                  |
| PÉREZ SIEIRA MARIANA         | SI                  |
| PONTE MAYÁN MARÍA ELENA      | SI                  |
| RIVEIRO OLVEIRA JOSÉ MANUEL  | SI                  |
| SAMPEDRO PONTE FÁTIMA        | SI                  |
| SOBRIDO PARADA JUAN MANUEL   | NON                 |
| TRIÑANES ROMERO ANTÍA        | SI                  |





b) Excluídos e causa da exclusión:

| APELIDOS E NOME            | CAUSA DE EXCLUSIÓN  | EXENTO PROBA GALEGO |
|----------------------------|---|---------------------|
| CHOQUE FERNÁNDEZ EDITH     | Non presenta fotocopia como mínimo, do certificado de escolaridade ou título de graduado escolar ou equivalente   | NON                 |
| LARANGA MARTÍNEZ DAVID     | Non figura no listado de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, tal como figura no apartado 7º das bases da convocatoria e no artigo 14.3, 4, 7 da Orde 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G) (DOG núm, 21 do 01/02/2022). | SI                  |
| MAREQUE ARESTIÑO CHRISTIAN | Non figura no listado de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, tal como figura no apartado 7º das bases da convocatoria e no artigo 14.3, 4, 7 da Orde 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G) (DOG núm, 21 do 01/02/2022). | SI                  |
| OLVEIRA OLVEIRA FERNANDO   | No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.<br><u>Non acredita a credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.</u>  | NON                 |

**Segundo.-** Designar aos membros do órgano de selección do proceso selectivo para operarios servizos múltiples (Aprol Rural), subvención Aprol-Rural, Xunta de Galicia, Exp: TR351G2022/000047-1, Exp. Gestiona: 1113/2022, que terá a seguinte composición:

- Presidente: José Manuel Segade Santos (funcionario do Concello de Porto do Son).
- Vogal: José Antonio Maneiro Maneiro (funcionario do concello do Porto do Son).
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco (funcionario do Concello de Porto do Son).

**Terceiro.-** Por mor do breve prazo temporal outorgado pola Xunta de Galicia para a formalización destas contratacións, convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio: consistente na realización dunha proba de capacitación, nun tempo máximo de 30 minutos, este exercicio será cualificado entre 0 e 10 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos, que terá lugar o **día 13 de xuño de 2022, na nave propiedade do Concello de Porto do Son, sita no Lugar do Agrelo, ás 9:00 horas.** Os aspirantes deberán acudir con documento que acredite a súa personalidade, roupa de traballo e medidas de protección axeitadas por mor da pandemia COVID-19.

Localización:

<https://www.google.es/maps/dir//Lugar+Loreto,+17,+15978+Porto+do+Son,+A+Coru%C3%B1a/@42.73207,-8.98107,386m/data=!3m1!1e3!4m8!4m7!1m0!1m5!1m1!1s0xd2f25c50856b069:0x123a6578e0a95b28!2m2!1d-8.98167!2d42.73267>

Seguidamente de ser preciso, realizarase a proba de coñecemento da lingua galega, aos candidatos que non acreditaron estar en posesión do certificado Celga 1 ou documento equivalente, que terá lugar no **Centro de Interpretación do Castro de Baroña, situado na Rúa Fernando Fariña Barros, nº 10, 15970, Porto do Son.**





**Cuarto.-** Dispor a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos do procedemento selectivo de que se trata no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, no apartado de emprego. Así mesmo notificarase de forma telefónica aos candidatos admitidos a celebración destas probas.

Porto do Son, na data da sinatura dixital

O ALCALDE- PRESIDENTE,

A SECRETARIA accidental, que dou fe,

D. José Luis Oujo Pouso.

D<sup>a</sup>. Silvana Janeiro Moas.

